

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEDA

Aprobación definitiva modificación Ordenanza reguladora do prezo público da escola infantil de Neda

A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada o día 16/09/2019, acordou aprobar inicialmente a **MODIFICACIÓN DO ARTIGO 5 DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO DA ESCOLA INFANTIL DE NEDA** para o curso 2019/2020.

Dito acordo expúxose ao público, durante o prazo de 30 días hábiles (BOP nº 181 do 24 de setembro de 2019), para os efectos do disposto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

Ó non terse presentado, nese prazo, ningunha reclamación contra o citado acordo, elévase a definitivo o mesmo procedéndose á publicación íntegra da modificación, que entrará en vigor unha vez se publique definitivamente o texto completo da modificación aprobada no BOP.

No artigo 5 relativo as tarifas do prezo público, modifícase o cadro de prezos pola prestación dos servizos da Escola Infantil, de xeito tal que o cadro de prezos queda do seguinte xeito:

Concepto	Cota
Matrícula (anual)	51,15 €
Mensualidade a xornada completa (8 horas)	202,57 €
Mensualidade a media xornada (4 horas)	120,72 €
Xornada de 2 horas de tarde	61,38 €
Hora complementaria (prezo mensual)	22,51 €
Hora extraordinaria (prezo diario)	4,09 €
Comedor mensual: Almorzo	25,58 €
Comedor mensual: Xantar	90,03 €
Comedor mensual: Merenda	28,65 €
Servizo de comedor en día solto	5,07 €

Contra o dito acordo e o texto íntegro da modificación, os interesados poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio, de acordo co que se establece nos artigos 10 e 46 da Lei 29/1988, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa e 112.3 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vila de Neda, 6 de novembro de 2019.

O alcalde

Asdo.: Ángel Alvaríño Saavedra.

2019/9044